



Secretaría Administrativa:

Apartado de Correos 410

36201 Vigo

Vigo, Febreiro de 2012

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á XUNTA DIRECTIVA DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

Na Reunión da Xunta directiva da SGXX celebrada o día 27 de Outubro de 2011 e cumprindo o artigo 16 dos estatutos de nosa Sociedade, convócanse eleccións para elixir nova Xunta Directiva, abríndose un período de presentación de candidaturas ata o día 10 de Maio do 2012.

As propostas de candidaturas deberán de facerse en candidatura colectiva (artigo 15) expresando o nome e o cargo aos que optan cada un dos membros da Sociedade, sendo preceptivo levar alomenos seis anos de socio para optar os cargos de Presidente, Secretario e Tesoureiro e tres anos para os restantes cargos, demostrando ter actividade na área que desexa representar (artigo 13).

As eleccións celebraranse en Santiago, no XXIV Congreso da SGXX que terá lugar no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela, as 19 horas do venres día 8 de xuño de 2.012, e os cargos a elixir son:

Presidente, Vicepresidente, Vicepresidente 2º, Secretario, Tesoureiro, 7 Vogalías: Vogal Sección Clínica, Vogal Sección Social, Vogal Psicoxerontoloxía, Vogal Enfermería, Vogal Xerocultura, Vogal Centros Xerontolóxicos e Vogal Formación e Investigación.

A Xunta Directiva elixida o será por un período de tres anos.

Para ser válida a elección (artigo 16), deberá ser necesario obter dous tercios dos votos dos socios presentes, e dos votos dos ausentes emitidos por correo certificado. No caso de non haber esta maioría en primeira votación, bastará a maioría simple dos votos válidos en segunda votación.

Esperando poder saudarte persoalmente no 24 Congreso da SGXX e o 54 da SEGG , quedamos a túa enteira disposición

Andrés Vázquez Piñeiro
Presidente da SGXX

Encarna Álvarez Gallego
Secretaria da SGXX

Presentación de Candidaturas na Secretaría Administrativa da SGXX



Secretaría Administrativa:

Apartado de Correos 410

36201 Vigo

Vigo, Febreiro de 2012

BOLSAS E PREMIOS PARA O 24 CONGRESO DA SGXX, ANO 2012

Xunta Directiva:

Presidente

D. Andrés Vázquez Piñeiro

Vicepresidente 1º

D. Javier Pérez Martín

Vicepresidente 2º

D. Ricardo Pan Cano

Tesoureiro

D. Cesáreo López Vidal

Secretaria

Dna. Encarna Álvarez Gallego

Vocal de Centros

Jacobo Rubín Álvarez

Vocal de Xerocultura

Dna Rosa Mª Gómez Fernández

Vocal de Enfermería

D. Jose Manuel Pérez Fernández

Vocal de Sección Social

Dna Iria Pernas Regueira

Vocal Sección Clínica

Raimundo Mateos Álvarez

Vocal de Formación e Investigación

Dna Mª Dolores Monteagudo González,

Vocal de Psicoxerontoloxía

D. Manuel Gandoy Crego

Na xuntanza da Xunta Directiva da SGXX mantida o día 27 de Outubro do 2011, acordouse ofertar as bolsa e premios que a continuación se refiren.

Bolsas de Inscripción ó 24 Congreso da SGXX, días 6 a 8 de xuño do 2012.

Destínanse para Becas de Inscripción do 24 Congreso da SGXX, a celebrar en Santiago, **20** Becas de Inscripción B. Deberanse solicitar por Correo electrónico a dirección: becas@congresosgxx.com

Condições a cumprir:

- 1.-Ser membro da SGXX e estar ao corrente dos pagos.
- 2.-Remitir a petición escrita, acompañada dos datos de filiación do lugar de traballo, adxuntando un breve Curriculum Vitae, así como as razóns que xustifican a petición.
- 3.-Valoraranse condicións persoais, tales como a idade, o posto de traballo, facilidade de outras fontes de financiación, etc., e moi especialmente o envío e a posible aceptación de comunicacións ao evento. Terase tamén en conta o feito de ter disfrutado ou non de bolsas da S.G.X.X. en anos previos.
- 4.-A data límite de recepción das solicitudes (soamente admitiranse as enviadas por e-mail e non por calquera outro medio) será o **15 de Marzo de 2.012**, facéndose públicas as concesiones o **15 de Abril de 2.012**.
- 5.-A concesión das Bolsas será responsabilidade da Xunta Directiva da S.G.X.X. Su decisión será inapelabel.
- 6.-A Secretaría de la S.G.X.X. será a responsable da inscrición ao Congreso, incluíndo o pago do importe da mesma.